

Martes, 4 de xaneiro de 2022

Núm. 2

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**PROVINCIAL**  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
**Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*CALENDARIO FISCAL 2022*

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN

**Asunto: NORMAS PARA A COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DOS TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS. CALENDARIO DE COBRO DO EXERCICIO 2022.**

En cumprimento do establecido no artigo 23 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais da Deputación de Pontevedra, e no artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, procede a aprobación do Calendario fiscal do contribuínte, que conterà o período voluntario de cobro dos tributos e doutros ingresos de dereito público de vencemento periódico correspondentes ao exercicio seguinte.

Visto o informe emitido pola Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra onde se propón o Calendario Fiscal para o exercicio 2022.

Atendendo ás competencias establecidas na Resolución de Presidencia núm. 24866 de data 27 de decembro de 2018 e na base 7 bis das de execución do orzamento desta Deputación para o exercicio 2021 e, de conformidade co establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e en coherencia co regulado no artigo 23 da vixente Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación ORAL, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente,

*RESOLVO*

**UN: CALENDARIO DE COBRO**

**PRIMEIRO:** Aprobar a posta ao cobro durante o ano 2021 dos valores de notificación colectiva por padrón e cobro periódico por recibo, dos tributos e prezos públicos delegados dos seguintes concellos e entes:

**1. IMPOSTOS:** Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), Imposto sobre Actividades económicas (IAE) e Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), dos concellos que se relacionan:

**1.1. IBI:** ARBO, BAIONA, BARRO, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, CAMPO LAMEIRO, CANGAS, A CAÑIZA, CATOIRA, CERDEDO-COTOBADÉ, COVELO, CRECENTE, CUNTIS, DOZÓN, A ESTRADA, FORNELOS DE MONTES, AGOLADA, GONDOMAR, LALÍN, A LAMA, MEAÑO, MEIS, MOAÑA, MONDARIZ, MONDARIZ-BALNEARIO, MORAÑA, MOS, AS NEVES, NIGRÁN, OIA, PAZOS DE BORBÉN, POIO, PONTE CALDELAS, PONTEAREAS, PONTECESURES, O PORRIÑO, PORTAS, RODEIRO, O ROSAL, SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DO MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, SOUTOMAIOR, TOMIÑO, TUI, VALGA, VILA DE CRUCES, VILABOIA E VILANOVA DE AROUSA.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:JSR3NNRY330EV7YS



Martes, 4 de xaneiro de 2022

Núm. 2

**1.2. IAE:** ARBO, BAIONA, BARRO, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, CAMPO LAMEIRO, CANGAS, A CAÑIZA, CATOIRA, CERDEDO-COTOBADÉ, COVELO, CRECENTE, CUNTIS, DOZÓN, A ESTRADA, AGOLADA, FORNELOS DE MONTES, GONDOMAR, LALÍN, A LAMA, MEAÑO, MEIS, MOAÑA, MONDARIZ, MONDARIZ-BALNEARIO, MORAÑA, MOS, AS NEVES, NIGRÁN, OIA, PAZOS DE BORBÉN, O PORRIÑO, PORTAS, POIO, PONTEAREAS, PONTE CALDELAS, PONTECESURES, RODEIRO, O ROSAL, SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DE MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, SOUTOMAIOR, TOMIÑO, TUI, VALGA, VILABOA, VILA DE CRUCES E VILANOVA DE AROUSA.

**1.3. IVTM:** ARBO, BAIONA, BARRO, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, CAMPO LAMEIRO, A CAÑIZA, CATOIRA, CERDEDO-COTOBADÉ, COVELO, CRECENTE, CUNTIS, DOZÓN, A ESTRADA, FORNELOS DE MONTES, AGOLADA, GONDOMAR, LALÍN, A LAMA, MEAÑO, MEIS, MOAÑA, MONDARIZ, MONDARIZ-BALNEARIO, MORAÑA, AS NEVES, OIA, PAZOS DE BORBÉN, O PORRIÑO, PORTAS, POIO, PONTEAREAS, PONTE CALDELAS, PONTECESURES, RODEIRO, O ROSAL, SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DE MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, SOUTOMAIOR, TOMIÑO, TUI, VALGA, VILABOA, VILA DE CRUCES E VILANOVA DE AROUSA.

**2. TAXAS E PREZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DOS SEGUINTE CONCELLOS:** ARBO, BAIONA, BARRO, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, CAMPO LAMEIRO, A CAÑIZA, CATOIRA, CERDEDO-COTOBADÉ, COVELO, CRECENTE, CUNTIS, DOZÓN, A ESTRADA, FORNELOS DE MONTES, AGOLADA, GONDOMAR, LALÍN, A LAMA, MEAÑO, MEIS, MOAÑA, MONDARIZ, MONDARIZ-BALNEARIO, MORAÑA, AS NEVES, OIA, PAZOS DE BORBÉN, PORRIÑO, PORTAS, POIO, PONTEAREAS, PONTE CALDELAS, PONTECESURES, RODEIRO, O ROSAL, SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DO MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, SOUTOMAIOR, TOMIÑO, TUI, VALGA, VILABOA, VILA DE CRUCES, VILANOVA DE AROUSA, MANCOMUNIDADE DO MORRAZO.

**SEGUNDO: Aprobar os seguintes períodos voluntarios de pago para o ano 2022 de acordo co seguinte calendario fiscal:**

Impostos	Data Inicio	Data Fin	Data Cargo en Conta (1)	Data Cargo en Conta (2)	
I.V.T.M.	20 de abril	20 de xuño	5 de maio	--	
I.B.I.	28 de xullo	7 de novembro	3 de outubro	1º prazo	2º prazo
				12 de agosto	3 de outubro
I.A.E.	2 de setembro	3 de novembro	3 de novembro	--	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:JSR3NNRY330EV7YS



Martes, 4 de xaneiro de 2022

Núm. 2

Taxas e Prezos Públicos	Data Inicio	Data Fin	Data Cargo en Conta (1)
1º trimestre	8 de febreiro	8 de abril	7 de marzo
2º trimestre	6 de maio	6 de xullo	6 de xuño
3º trimestre	5 de agosto	5 de outubro	5 de setembro
4º trimestre	28 de outubro	29 de decembro	2 de decembro

(1).- Data de cargo en conta para os recibos con orde de domiciliación bancaria (D.B.) polo importe total do recibo.

(2).- Data de cargo en conta para os recibos con orde de domiciliación bancaria (D.B.) en 2 prazos, cada un deles polo 50% do importe do recibo.

## DOUS: NORMAS PARA A COBRANZA

Aprobar, de acordo coas normas establecidas pola recadación do ORAL, e difundir as seguintes normas para a cobranza en período voluntario dos tributos e prezos públicos delegados.

### • FORMAS E LUGARES DE INGRESO:

- O ingreso poderá realizarse a través da Oficina Virtual Tributaria da Deputación Pontevedra – ORAL (<https://ovt.depo.gal>).
- Na caixa de calquera das entidades colaboradoras (Abanca, BBVA, CaixaBank, Ibercaja Banco, Novo Banco, Sabadell e Unicaja Banco), tamén en caixeiro automático ou por internet (se a entidade colaboradora elixida dispón deses servizos).

• ENVÍO DE DOCUMENTOS DE INGRESO: Os documentos de ingreso dos recibos non domiciliados en entidades financeiras enviaranse por correo postal ordinario ao domicilio único de cada contribuínte. Este envío non ten carácter de notificación. A non recepción dos documentos de ingreso no domicilio do contribuínte non exime a este da súa obriga de pago.

Se algunha persoa contribuínte non recibe no seu domicilio algún dos documentos de ingreso que precisa, poderá obtelo a través da Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.depo.gal>), chamando ao Centro de Atención Telefónica no 886 211 400 ou de xeito presencial cando sexa posible, e sempre con cita previa (886 211 420), en calquera das nosas oficinas.



Martes, 4 de xaneiro de 2022

Núm. 2

- **REFERENCIAS DE COBRO:** Os documentos de ingreso inclúen dúas referencias de cobro con importes diferentes: A primeira é válida durante o período voluntario de pago que se indica no recibo. A segunda é válida a partir do día seguinte ao remate do período voluntario de pago, e o importe que ten asociado inclúe o principal da débeda e a recarga executiva do 5%. Pasada a data de caducidade da segunda referencia xa non se poderán utilizar estes documentos para realizar o ingreso da débeda, polo que deberán descargarse outros a través da Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.depo.gal>), chamando ao Centro de Atención Telefónica no 886 211 400 ou de xeito presencial cando sexa posible, e sempre con cita previa (886 211 420) , en calquera das nosas oficinas.

- **CARGOS DE DOMICILIACIÓNS:** Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes o día indicado para cada tributo no calendario fiscal.

- **ADVERTENCIA LEGAL:** O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario sen que se teña satisfeita a débeda determinará o inicio do procedemento de prema e a esixencia da recarga e dos xuros de demora que en cada momento correspondan. Tamén se liquidarán e esixirán ao debedor as custas regulamentarias orixinadas do dito procedemento

### **TRES: PLANS DE PAGO.**

O Plan personalizado de pagos e o Plan especial IBI aplicaranse ás persoas que xa o teñen autorizado, conforme ao establecido nos artigos 79 e 18, respectivamente, da Ordenanza fiscal xeral do ORAL en vigor (<https://www.depo.gal/taxas>).

Pontevedra, 28 de decembro de 2021

A Directora de Servizos do ORAL

PO

(Asinado dixitalmente ao marxe)

